

SERVIZO DE RECADACIÓN

(Reservado para cumplimentar pola Deputación)	
Referencia única do mandato:	Tipo de pago: RECORRENTE
Prazos: 2	

Autorizo ao Servizo de Recadación da Deputación Provincial da Coruña para que faga efectivo o importe dos vencementos periódicos ordinarios que se produzan a partir da data de entrega deste documento, do recibo cuxos datos se especifican no apartado A, con cargo á conta que se indica no apartado B, da que son o titular ou o seu representante. A xestión da domiciliación levarase a cabo nos termos e condicións aprobadas pola Deputación, e que acepto expresamente.

A) DATOS DO RECIBO A DOMICILIAR:

1) Concello ou organismo *	
2) Concepto *	3) Nº fixo, matrícula ou identificación do valor *
4) Obxecto tributario	
5) Apelidos e nome ou razón social do suxeito pasivo *	6) NIF *

B) DATOS DA CONTA DE CARGO:

7) Apelidos e nome ou razón social do titular da conta*		8) NIF *
9) Apelidos e nome do representante ou autorizado (se é o caso)		10) NIF
11) Domicilio		12) Código postal
13) Municipio	14) Provincia	15) País
16) Correo electrónico		17) Teléfono 1
		18) Teléfono 2
19) IBAN (Número internacional de conta bancaria) *		
20) BIC (Código internacional da entidade) *		

En _____, a ____ de _____ de 2____

21) Firma do titular da conta, do seu representante o da persoa autorizada *
--

RESUMO DAS NORMAS SOBRE DOMICILIACIÓN DE RECIBOS

1. Os cadros marcados cun asterisco (*) deberán ser cubertos en todo caso. A aportación de copias de recibos ou documentos anexos non escusará da obriga de cubrir os ditos cadros.

2. Deberá empregarse un formulario por cada recibo a domiciliar.

3. A domiciliación autorizará ao Servizo de Recadación para ordenar á entidade de depósito o cargo en conta que corresponda a cada prazo, coa obriga do titular da conta de dispoñer de saldo suficiente no momento de realizarse o dito cargo. As datas de cargo na conta serán as seguintes:

1ª campaña voluntaria anual: - O primeiro prazo, polo 50% do importe do recibo, cargarase na conta o 30 de abril ou inmediato hábil anterior.

- O segundo prazo, polo 50% restante do importe do recibo, cargarase na conta un mes antes do último día do período de pago da primeira voluntaria, ou inmediato hábil anterior se aquel fose inhábil.

2ª campaña voluntaria anual: - O primeiro prazo, polo 50% do importe do recibo, cargarase na conta o 30 de xuño ou inmediato hábil anterior.

- O segundo prazo, polo 50% restante do importe do recibo, cargarase na conta un mes antes do último día do período de pago da segunda voluntaria, ou inmediato hábil anterior se aquel fose inhábil.

4. A orde de domiciliación deberá ser entregada ao Servizo de Recadación:

a) Persoalmente ou por correo postal (a algunha das oficinas tributarias da Deputación).

b) Por correo electrónico (recadacion.domiciliacions@dacoruna.gal).

Para que teña efectos nun período recadatorio deberá ter entrada na Deputación antes de que se emita, para o seu envío ás entidades colaboradoras, a correspondente remesa de adeudos domiciliados, e non ser defectuosa.

5. A domiciliación afectará exclusivamente aos vencementos periódicos ordinarios de recibos que se produzan a partir da data de presentación da autorización. As liquidacións de ingreso directo que, por diversas causas, se practiquen e notifiquen ao contribuínte non se verán afectadas pola domiciliación, aínda que a orde sexa anterior ás ditas liquidacións.

6. A domiciliación terá validez indefinida, a non ser que se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Orden expresa de anulación, cursada polo contribuínte, o suxeito pasivo, o titular da conta ou persoa debidamente autorizada, comunicada ao Servizo de Recadación.

b) Modificación da identificación do recibo (número fixo, matrícula) polo organismo responsable da elaboración do correspondente censo ou padrón.

c) Cambio de titular segundo o padrón (suxeito pasivo) do recibo domiciliado.

d) Rexeitamento ou devolución do cargo pola entidade financeira.

e) Incumprimento, polo titular da conta ou a entidade financeira, das normas sobre domiciliacións.

f) Anulación polo Servizo de Recadación, por causas obxectivas. A anulación será comunicada ao contribuínte ou, se afectara a un grande número deles, publicada no Boletín Oficial da Provincia e na prensa diaria da provincia.

7. Á orde de domiciliación deberá achegarse documento bancario acreditativo tanto da titularidade da conta como da súa correcta identificación.

8. Cando o asinante da orde sexa o titular da conta, achegarase unha fotocopia do seu DNI, agás que a orde se presente selada pola entidade financeira.

Cando a orde de domiciliación sexa asinada por un representante ou persoa autorizada do titular da conta, deberá presentarse necesariamente selada pola entidade financeira.

O selo da entidade financeira suporá que esta comprobou tanto a identidade e capacidade do asinante así como os demais datos da conta, e que tomou razón da dita orde

9. A identificación do recibo a domiciliar (cadro nº 3) será o número fixo.

10. As ordes de domiciliación defectuosas teranse como non presentadas ata que se corrixa a deficiencia.

Para calquera consulta ou aclaración pode chamar ao teléfono 981 415 900 ou enviar unha mensaxe ao enderezo electrónico atencion.tributaria@dacoruna.gal.